

ESTREA EN NUMAX: 22.07.2022 | V.O.S.E. | +16

Despois de sufrir unha traxedia persoal, Harper (Jessie Buckley) retírase soa á fermosa campiña inglesa coa esperanza de encontrar o lugar ideal para curarse. Pero algo ou alguén parece estar axexándoa. O que comeza coma un pavor latente rematará converténdose nun auténtico pesadelo, habitado polos seus recordos e medos máis escuros.

«Unha alucinante disección da virilidade (...) As fascinantes interpretacións de Jessie Buckley e dun Rory Kinnear moi camaleónico fan que esta obra destaque nun xénero pouco convencional»

David Rooney, THE HOLLYWOOD REPORTER



Entrevista con Alex Garland: «É imposible facer un filme coma este sen pensar n'O home de vime»

Por Lou Thomas

Como se che ocorreu esta historia?

Comecei a escribir un guión con esta temática hai 15 anos. Foi entre a escritura de *Sunshine* (2007) e *Never Let Me Go* (2010). Reescribino catro ou cinco veces ao longo dos anos. Cústame lembralo, foi hai moito tempo, pero todo comezou coa imaxinería do Green Man que atopas nas igrexas e nos nomes dos bares ou agochado na arquitectura.

Rory Kinnear interpreta moitos papeis diferentes. En que pensabas?

Non era a idea orixinal. Cando estaba escribindo asumía que habería distintos actores, pero chegado certo punto pensei que había algo interesante en que o título fose en plural e que só houbese unha persoa facendo todos eses roles.

Gústame presentar preguntas sen forzar necesariamente unha resposta. Penso que os filmes ás veces se ven obrigados a ter que responder a todas as preguntas. No caso da personaxe de Jessie Buckley, se houbese un actor interpretando todos os papeis, que deducións pode facer o público? Poderían ser: “oh, estes homes son o mesmo, pero ela non se dá conta” ou “ve a todos os homes iguais, aínda que non o sexan”. Son dúas interpretacións que soan similares, pero que en realidade teñen implicacións moi, moi diferentes.

Antes comentaches que a vías como unha historia de pantasma.

Se alguén me preguntase en que xénero a situaría, penso que diría o *folk-horror*.

Hai algún filme de *folk-horror* ou historia de pantasma que influíra nela?

É imposible, ou polo menos moi difícil, facer un filme como este sen pensar na orixinal *O home de vime* (Robin Hardy, 1973). Todos os filmes de terror rural posteriores débenlle algo a *O home de vime*, do mesmo modo que todas os filmes sobre o espazo lle deben algo a *2001: Unha odisea no espazo* (Stanley Kubrick, 1968). Pero máis alá diso non o pensei moito porque se o fixera, probablemente me paralizaría e non faría nada máis.

E fóra do xénero?

Nun momento dado foi *Ataque aos titáns* (Tetsurō Araki, 2013 a 2020), un anime que estaba vendo coa miña filla durante a preproducción. Decateime do intelixente e pouco usual que era en tratar a forma humana.

Poderíase dicir que en *Men* hai *body horror*, onde o equivalente a *O home de vime* ou a *2001* son moitos dos filmes de David Cronenberg. Pero tamén sigo pensando en *Un home lobo americano en Londres* (John Landis, 1981). En parte porque ten terror rural, co pub *Slaughtered Lamb* e o home lobo dos páramos, pero tamén porque pensaba no alto nivel (práctico) dos efectos especiais dos oitenta en David Cronenberg, *A cousa* (John Carpenter, 1982) e *Un home lobo americano en Londres*. Recordo que a primeira vez que a vin pensei: “Oh, de verdade pensaron no que pasaría se un humano se convertese en lobo”. Traballáranos e era impresionante. Naquel momento era o equivalente a ver *Parque Xurásico* (Steven Spielberg, 1993) cando saíu. Tiña un factor sorpresa.